



E S T A T U A



Ela é a que fai caer as follas do outono
e a que lles rouba as roitas ós paxaros.
A que leva os cegos deica os abismos
e a que desacouga os instintos dos adolescentes ciclistas.
Acaron d'ela o noso amor trónzase as mans.

XESÚS BAL

C A N T I G A C Í V I C A

Ai, n-este Corpus... ¡Os bilitroques
guindan os seus corazóns pol-os montes!

Os chuchameles mail-as carqueixas
escoarán as verdades abertas!

—
Todo o que é lilio, todo o que é merlo
hase esfoliar pol-os campos galegos!

—
Todo o que é fonte, todo o que é fror
halle arrincar arrecendos ó sol!

—
Pontes de escumas, nubens de rosas
pra acariñar, amantiño, nas cousas!

—
Arcos de grilos e carricantas
pra que se abrouxen as cósmicas agras!

—
Regos de aves, niños de estrelas
pra rebuldar ca enxebreza da Terra!

Pazos de orballo, medas de vieiros
pra apouentar os seus pulos inmensos!

—
Beilade ceos, troulade mares
hastra que tolos da baila caiades!

—
Medrade soutos e codesidos
que hai que abranguer todol-os infiinitos!

—
Fragas de ideas, searas de astros
pra rebrincar pol-os mundos abaixo!

—
Arcos-da-vela de volvoretas
pra aduviar as esenzas eternas!

—
Todal-as notas, cósmica lira,
pra descordar no nadal de Galiza!!

BOUZA-BREY

4 San Xohan 1931.